ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20 – TERCEIRO TRIMESTRE

ÁREA: EDUCACIÓN FÍSICA
CURSO: TERCEIRO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.
	Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais
Demostrar un comportamento persoal e social responsable.	Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.	Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación.
	Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, e intentando axustar a súa realización aos parámetros espazo-temporais.
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas.
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	Busca, de maneira guiada, información para comprender a importancia duns hábitos de alimentación correctos para a saúde.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: - a observación dos envíos documentais: imaxes e videos da actividade - As informacións nas comunicacións grupais con videoconferencia ou audio - A información recibida por parte do titor ou outro profesor con relación aos estándares de E.F.
	Instrumentos: 1. Canle de correo elelctrónica 2. Plataforma CISCO WEBEX 3. Outros medios de comunicación posibles con cada alumno ou alumna
Cualificación final	Procedemento: Nota da 2ª avaliación, incrementada da seguinte maneira(*): Proba gráfica de realización das actividades propostas: • Menos do 33%: 0,5 punto • Entre o 33% e o 66%: 1 puntos • Máis do 66%: 1,5 puntos (*) En ningún caso baixará esa nota
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non procede
	Criterios de cualificación: Non procede
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase desta adaptación de programación ao alumnado e ás familias da publicidade do documento na web do centro, a través das canles de comunicación cotiás: mensaxería Abalar Móbil, whatsapp e videoconferencias. En casos puntuais a través de chamadas telefónicas.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Proposta regular de actividades físicas postas no blog, establecendo prazos como referencia, aínda que non estrictos. Dado que parte do alumnado reside en pisos, sen posibilidade de saír ao patio, todas as propostas contemplan esta circunstancia.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	**Alumnado con conectividade** .(portátil e conexión, tablet ou smarphone): as propostas poden velas no blog, e as imaxes remítenas a través de correo electrónico ou puntualmente a través de whatsapp. Quincenalmente realizamos videoconferencia coa clase, para repasar actividades, valorar as súas experiencias, e motivalos na situación actual. **Alumnado sen conectividade**: para o grupo cada día máis reducido de alumnos que teñen como única fonte de comunicación o teléfono con voz, establécese unha comunicación semanal co mesmo, para transmitirlle as propostas, neste caso prestando atención aos aspectos máis emocionais.
Materiais e recursos	-Ordenador, tablet ou smartphone -Distintos recursos on line -Sistemas de comunicación electrónica: correo electrónico, mensaxería instantánea, videoconferencia. Para as súas actividades: todo o material do que dispoñan na casa para a realización das actividades propostas.